

RIOTORTO

Anuncio

Habéndose elevado a definitivo por non haberse presentado reclamacións durante a exposición pública, o acordo plenario adoptado en sesión ordinaria celebrado o día 04/04/08 transcríbese a continuación xunto coa ordenanza fiscal, todo elo de conformidade co disposto no artigo 17.4 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladoras das Facendas Locais.

5.- EXPEDIENTE DE IMPOSICIÓN E ORDENACIÓN DA TAXA POLOS DOCUMENTOS QUE EXPIDA OU QUE ENTENDA A ADMINISTRACIÓN OU AS AUTORIDADES LOCAIS A INSTANCIA DE PARTE.

Por Secretaría de orde da Presidencia, deuse conta o Pleno do estado actual do expediente para a aprobación da ordenanza fiscal reguladora da taxa polos documentos que expida ou que entenda a Administración ou as autoridades locais a instancia de parte.

Considerando que o expediente conta cos informes favorables de Secretaría-Intervención e da Comisión Especial de Contas.

Vista a proposta da Alcaldía na que se sinala"

Resultando necesario utilizar os recursos económicos que establece o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por RDL 2/2004, de 5 de marzo, entre os que se encontra a referida taxa polos documentos que expida ou que entenda a Administración ou as autoridades locales a instancia de parte, trámitouse o expediente administrativo para imponer e ordenar dito tributo.

Vistos os informes de Secretaría e de Intervención unidos o expediente e polo que propoño o Pleno que acorde:

1. Aprobar provisionalmente a ordenanza unida a este expediente e que regula a citada taxa.

2. O presente acordo provisional, expoñelo o público así como a ordenanza citada e o resto do expediente polo prazo de 30 días hábiles mediante edictos insertos no B.O.P. e no taboleiro de anuncios. Dentro do citado prazo os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

3. Rematada a exposición publica o Pleno adoptará o acordo definitivo que proceda, resolvendo as reclamacións que se houbesen presentado/no seu caso e aprobando a redacción definitiva da ordenanza.

No caso de que non se houberan presentado reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario e considerarase definitivamente aprobada a ordenanza.

4. O acordo definitivo que se houbera adoptado ou o provisional elevado a definitivo xunto co texto da ordenanza publicarase no B.O.P.

5. A referida ordenanza fiscal entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no B.O.P. sendo de aplicación dende esa data."

Aberto o turno de deliberacións pola Presidencia, polo Sr. Alcalde manifestase "Xurdíu a idea de establecer esta taxa fai 3 ou 4 meses o poñerse en funcionamento o Punto de Información Catastral neste Concello. A Xerencia do Catastro cobra 18 euros por certificación e aquí plantexamos cobrar menos. É un servizo que se presta os veciños e que pensamos que hai que cobralo como se fai noutros Concellos. Cobrarase pola expedición de certificados de empadroamento e pola expedición doutros documentos".

Polo Sr. Alcalde deuse lectura o artigo da ordenanza onde figuran as tarifas.

Polo portavoz do PP D. José López Cabodevila manifestase: "Es un servicio que se presta pero pienso que se plantea cobrar bastante por el mismo. Pasamos de no cobrar a querer cobrar bastante. Nosotros nos vamos a abstener en la votación sobre este asunto".

Polo Sr. Alcalde manifestase: "Polas certificacións catastrais xa cobra a Xerencia do Catastro. Estamos abertos a estudar as reclamacións e suxerencias feitas durante a exposición pública do expediente".

Pechado o turno de deliberacións pola Presidencia, o Pleno acordou co voto favorable dos 3 concelleiros do grupo municipal do BNG e do concelleiro do grupo municipal do PSOE e da concelleira do grupo municipal de TEGA aprobar a proposta da Alcaldía citada. Os catro concelleiros do grupo municipal do PP abstivérónse.

O texto da ordenanza consta no expediente obrante na Secretaría municipal.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLOS DOCUMENTOS QUE EXPIDA OU DE QUE ENTENDA A ADMINISTRACIÓN OU AS AUTORIDADES LOCAIS A INSTANCIA DE PARTE.

Artigo 1º.- Fundamento e natureza.

Este Concello, conforme ao autorizado polo art. 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e acordo co establecido no art. 20.4 a) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establece a taxa por documentos que expidan ou de que entendan as Administracións ou autoridades locais, a instancia de parte, que se regulará pola presente ordenanza, redactada conforme ao disposto no art. 16 do citado Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Artigo 2º.- Feito imponible.

Constitúe o feito imponible da taxa a actividade municipal desenrolada como consecuencia da tramitación a instancia de parte de toda clase de documentos que expida ou de que entenda a administración ou as autoridades municipais. A estes efectos, entenderase trami-

tada a instancia de parte calquera documentación administrativa que fora provocada polo particular ou redunde no seu beneficio áinda que non mediara solicitude expresa do interesado.

Non estará suxeita a esta taxa a tramitación de documentos e expedientes necesarios para o cumprimento das obrigas fiscais, as consultas tributarias, expedientes de devolución de ingresos indebidos, recursos administrativos contra resolucións municipais de calquera índole e os relativos á prestación de servizos ou de realización de actividades da competencia municipal á utilización privativa ou aproveitamento especial de bens do dominio público municipal, que estean gravados por outra taxa municipal ou polos que se esixa un prezo público por este Concello, e aquellas establecidas por leis especiais.

Artigo 3º.- Suxetos pasivos.

Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as heranzas xacentes, comunidades de bens e demás entidades que, carentes de personalidade xurídica, constitúan unha unidade económica ou un patrimonio separado susceptible de imposición, que soliciten, provoquen ou resulten beneficiadas pola tramitación ou expedición dos documentos a que se refire o art. 2.

Artigo 4º.- Responsables.

Serán responsables solidariamente das obrigas tributarias establecidas nesta ordenanza toda persoa causante ou colaboradora na realización dunha infracción tributaria. Nos supostos de declaración consolidada, tódalas sociedades do grupo serán responsables solidarias das infraccións cometidas neste réxime de tributación.

Os copartícipes ou cotitulares das heranzas xacentes, comunidades de bens e demás entidades que, carentes de personalidade xurídica, constitúan unha unidade económica ou un patrimonio separado susceptible de imposición, responderán solidariamente e en proporción as súas respectivas participacións das obrigas tributarias de ditas entidades.

Serán responsables subsidiarios das infraccións tributarias simples e da totalidade da débeda tributaria en caso de infraccións graves cometidas polas persoas xurídicas, os administradores daquelas que non realicen os actos necesarios da súa incumbencia para o cumprimento das obrigas tributarias infrinxidas, consintieren no incumprimento por quienes dependan deles ou adopten acordos que fixeran posible as infraccións. Así mesmas administradores responderán subsidiariamente das obrigas tributarias que están pendentes de cumplimentar polas persoas xurídicas que cesaran nas súas actividades.

Serán responsables subsidiarios os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, cando por negligencia ou mala fe non realicen as xestións necesarias para o total cumprimento das obligacións tributarias devengadas con anterioridade a ditas situacións e que sexan impuntables aos respectivos suxeitos pasivos.

Artigo 5º.- Exencións subxectivas:

Gozarán de exención aqueles contribuíntes nos que concorra algunha das seguintes circunstancias:

a) Ser perceptor de pensión non contributiva, previa acreditación.

b) Ser perceptor de pensión do Fondo de Asistencia Social, (FAS) previa acreditación.

Artigo 6º.- Devengo.

A obriga de contribuír nace coa expedición do documento de que houbera de entender a administración municipal, sen que se inicie a actuación ou o expediente ata que se efectúe o pago xunto coa solicitude, co carácter de depósito previo.

Artigo 7º.- Cota tributaria.

A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada segundo a natureza dos documentos ou expedientes a tramitar, de acordo coa tarifa que contén o artigo seguinte.

A cota de tarifa corresponde á tramitación completa, en cada instancia, do documento ou expediente de que se trate, dende a súa iniciación ata a súa resolución final, incluída a certificación e notificación ao interesado do acordo recaído.

Artigo 8º.- Tarifa.

A tarifa á que se refire o artigo anterior, estruturase nos seguintes epígrafes:

CONCEPTOS	EUROS
Epígrafe 1º.- CERTIFICACIÓNES	
a) Calquera clase de certificación que se expida a instancia de parte.	3,00.-
b) Certificacións gráficas de propiedades de natureza urbana e certificacións literais de natureza urbana:	
Certificacións gráficas de propiedades de natureza urbana:	
- De propiedade con valor catastral ata 6.010,12 euros	3,00.-
- Idem de 6.010,12 a 18.030,36 euros	5,00.-
- Idem de 18.030,37 a 36.060,73 euros	7,00.-
- Idem de 36.060,74 a 60.101,21 euros	9,00.-
- Idem de 60.101,22 a 90.151,82 euros	12,00.-
- Idem de máis de 90.151,82 euros	15,00.-
Certificacións literais de natureza urbana:	
- De propiedade con valor catastral ata 6.010,12 euros	3,00.-
- Idem de 6.010,12 a 18.030,36 euros	4,00.-
- Idem de 18.030,37 a 36.060,73 euros	5,00.-
- Idem de 36.060,74 a 60.101,21 euros	6,00.-
- Idem de 60.101,22 a 90.151,82 euros	7,00.-
- Idem de máis de 90.151,82 euros	8,00.-
c) Certificacións gráficas e certificacións literais de datos catastrais e de propiedade de bens de natureza rústica:	
- Certificacións gráficas por cada parcela	6,00.-
- Certificación literal por cada parcela	3,00.-
d) Servizo de certificación negativa de bens inmobles ou da circunstancia de non figurar como titular catastral, relativa ao propio solicitante	3,00.-
c) Certificacións de datos de padróns de actividades económicas, tanto positivas como negativas	3,00.-
Epígrafe 2º.- COPIA DE DOCUMENTOS O DATOS	
a) Cotexo de documentos e dilixencias dos mesmos	2,00.- a 1ª e 0,30 (sucesivas)
Epígrafe 3º.- PADRÓN DE HABITANTES	
a) Certificacións de empadroamento	2,00.-
b) Informes de convivencia	2,00.-
Epígrafe 4º.- CONCESIONES Y LICENCIAS	
a) Autorizacións para substitución de vehículos de S.P.	12,00.-
b) Obtención de informacións, calificacións e certificados urbanísticos	20,00.-

Epígrafe 5º.- FOTOCOPIAS

- a) Expedición de fotocopias por persoal municipal
- Tamaño A4, branco e negro
 - Tamaño A3, branco e negro

0,10 a 1^a e 0,05 (sucesivas).-
0,20 a 1^a e 0,10 (sucesivas).-

Artigo 9º.- Bonificacións da cota

Non se concederá bonificación algúns dos importes das cotas tributarias sinaladas na tarifa de esta taxa.

Artigo 10º.- Normas de xestión

A taxa esixirase en réxime de autoliquidación, polo procedemento do selo municipal, adherido ao escrito de solicitude do documento o expediente, ou nestes mesmos se aquel escrito non existira, ou a solicitude non fora expresa ou ben mediante impresión mecánica nos mesmos. Así mesmo, poderá facerse efectiva de conformidade co disposto no apartado 6 do art. 38 de la Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico e do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Os escritos recibidos polos condutos ao que fai referencia o art. 38 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, que non veñan debidamente reintegrados, serán admitidos provisionalmente, pero non poderá dárselles curso sen que se subsane a deficiencia, a cuxo fin se requerirá ao interesado para que no prazo de 10 días abone as cuotas correspondentes co apercibimento de que, transco-

rrido dito prazo sen efectualo, teranse os escritos por non presentados e será arquivada a solicitude.

Artigo 11º.- Infraccións e sancións tributarias

En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias e sancións, ademais do previsto en esta ordenanza, estarase ao disposto nos artigos 191 y seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro xeral tributaria e demais normativa aplicable.

DISPOSICIÓN FINAL

A ordenanza fiscal entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no B.O.P. sendo de aplicación dende esa data.

Contra a presente ordenanza poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo nos termos establecidos no artigo 19 do RDL 2/2004 ou calquera outro recurso que se estime pertinente.

Riotorto, 28 de maio de 2008.- O Alcalde, Federico Xosé Gutiérrez Estoia.

R. 02695